





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 4341**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e varios/as deputados/as máis, sobre **“os estudos realizados pola Dirección Xeral de Patrimonio en relación co achado arqueolóxico descuberto durante a execución das obras da autovía A-54, Lugo-Santiago, na parroquia de Coeses, no concello de Lugo”**, (publicada no BOPG número 64, do 6 de marzo de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Os traballos autorizados permitiron documentar ata a actualidade, segundo o informe de avance de resultados da escavación do xacemento arqueolóxico denominado de Ventosiños, situado en Coeses, concello de Lugo, a existencia dun recinto constituído por unha estrutura de tendencia circular, denominada no informe como anel lítico pseudotumular e definido por unha estrutura tipo parapeto que presenta restos de muro interno e externo.


Ademais, a falla do remate do seu estudo e valoración, tanto no interior como no exterior do recinto localizáronse unha serie de estruturas escavadas no substrato de diferente tipoloxía e dimensións, tales como gabias e foxas, así como materiais cerámicos e outros restos arqueolóxicos.

Ao abeiro do anterior, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural continúa a traballar na actualidade, en colaboración coas administracións implicadas, na busca das solucións construtivas que garantan a conservación dos restos e/ou minimicen a afección sobre os mesmos, cumprindo coa súa obriga de velar pola integridade do patrimonio histórico e cultural galego e afondando no obxectivo común de garantir a súa máxima protección.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular stamp. The stamp is partially obscured by the signature but contains some illegible text and a central emblem. The signature is written in a cursive style and extends across the width of the stamp.

Gonzalo José Ordóñez Puime